



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**

Web
consellodacultura.org

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02

A música en Galicia (2016)

O seguinte documento presenta información relacionada coa actividade das artes musicais en Galicia e estrutúrase en dous bloques fundamentais: a música clásica e a música popular. O informe está conformado por unha serie indicadores cos que se pretende dar unha visión precisa sobre o panorama musical galego: número de concertos, espectadores, recadación ou gasto medio por espectador, entre outros. Co fin de obter unha percepción máis obxectiva, o documento amosa tamén unha comparativa territorial, tanto co resto das comunidades autónomas de España como coa media estatal, á vez que se establece unha análise de evolución temporal dos datos.

Para a súa elaboración, tomouse como fonte a información reflectida no *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales 2015* da Sociedad General de Autores (SGAE) relativa ás artes musicais. A importancia desta fonte vén xustificada pola inexistencia de estatísticas realizadas por institucións públicas como o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que non publica datos sobre este ámbito de estudo e utiliza igualmente os facilitados pola SGAE. Tamén se obtiveron datos doutras fontes primarias para complementar a información.

As artes musicais abranguen as seguintes actividades:

- A música clásica, que engloba a música sinfónica, música de cámara, música coral e música de bandas e rondallas.
- A música popular, que abrangue a canción melódica, cantautores, pop-rock, metal, new age, dance-house, hip-hop e rap, canción española, flamenco, música folk, música étnica, música latina, jazz, blues e soul, electrónica, infantil e outros xéneros.

I. As cifras da música clásica

A actividade musical que se vai tratar neste apartado, referido en termos xerais como “música clásica”, abrangue catro grandes categorías:

- a) Música sinfónica.
- b) Música de cámara e solistas.
- c) Música coral.
- d) Música de bandas e rondallas.

Nestes últimos anos, principalmente desde 2007, véñse experimentando en Galicia unha tendencia negativa en todos os indicadores de actividade da música clásica, é dicir, o número de concertos, o número de espectadores e a recadación.

Na seguinte táboa móstranse os datos da evolución dos grandes indicadores da música clásica en Galicia nos últimos cinco anos.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Indicadores da actividade da música clásica en vivo en Galicia

	2010	2011	2012	2013	2014
Número de recintos	401	423	302	-	-
Número de concertos	1.447	1.285	1.221	1.172	1.136
Número de espectadores	302.380	264.997	251.485	238.479	236.087
Recadación	756.608	720.194	711.576	682.681	763.565
Gasto por habitante (€)	0,27	0,26	0,26	0,25	0,28


Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Número de concertos

De acordo co *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015* da SGAE, no ano 2014 celebráronse en Galicia un total de 1.136 concertos de música clásica, é dicir, 36 concertos menos ca no ano 2013. Esta cifra é a máis baixa dos últimos 14 anos, e moi inferior á que se rexistrou en 2006, ano en que se chegaron a celebrar en Galicia 1.811 concertos de música clásica. Aínda así, a comunidade autónoma de Galicia ocupa o sexto lugar en número de concertos celebrados no conxunto do territorio español, despois da, Comunidade Valenciana, Andalucía, Comunidade de Madrid, Cataluña e País Vasco. Se se analiza a programación de concertos de música clásica máis polo miúdo, pódese observar que Galicia, xunto con comunidades autónomas como Aragón, Cantabria, Castela-A Mancha, Comunidade Valenciana, Navarra e País Vasco, se atopa por riba da media nacional en número de concertos programados por ano (0,42 concertos por 1.000 habitantes no caso de Galicia e 0,31 no conxunto de España).

Na evolución xeral, obsérvase que o número de concertos de música clásica en Galicia vai aumentando progresivamente, con algunhas oscilacións, ata o ano 2006, cando se acada a cifra máis alta de toda a serie histórica (1.811). A partir de aí, prodúcese una redución ata 2014, coa excepción dos anos 2009 e 2010. No conxunto do Estado a evolución do número de concertos é moi similar á de Galicia (exceptuando as citadas repuntas), tal como se pode observar na seguinte gráfica.

Evolución do número de concertos de música clásica

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Segundo a táboa que se mostra a continuación, do total de concertos ofrecidos en Galicia en 2014, 551 foron de cámara e solistas, 364 de bandas e rondallas, 115 de música sinfónica e 106 de corais. Destaca o feito de que, en concertos de bandas de música, Galicia ocupa o

**DATOS &
INFORMES**



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**

terceiro lugar de España despois da Comunidade Valenciana e Andalucía, e en concertos de música sinfónica e música de cámara, ocupa o sexto lugar.

Número de concertos por CCAA e tipo de música celebrados en 2014


	Música sinfónica	Música de cámara e solistas	Música coral	Bandas de música
Total España	2.132	7.350	1.821	3.097
Andalucía	203	1.109	182	533
Aragón	52	308	134	76
Asturias	60	117	35	0
Baleares	30	230	25	17
Canarias	89	83	4	27
Cantabria	19	152	38	2
Castela-A Mancha	38	70	41	205
Castela e León	95	664	186	86
Cataluña	395	1.115	147	227
Comunidade Valenciana	235	964	244	943
Extremadura	25	52	4	1
Galicia	115	551	106	364
Madrid	352	1.279	227	146
Murcia	45	61	28	64
Navarra	68	121	112	79
País Vasco	288	438	293	323
A Rioxa	10	35	15	4
Ceuta e Melilla	20	1	0	0

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Na seguinte gráfica obsérvanse datos sobre a evolución no número de concertos por tipo de música en Galicia, dos que cómpre salientar algúns aspectos. No período que abarca esta serie histórica, os concertos de música coral son os que máis diminuíron, pasando de 265 en 2008 a 106 en 2014. Por outra banda, os que máis aumentaron neste período foron os de música de cámara e solistas, cun aumento de 74 concertos. No caso dos concertos de música sinfónica, o balance tamén é positivo, aínda que se produciron altibaixos, especialmente desde 2010, ano en que acadou a cifra máis elevada. Por último, os concertos de bandas de música sufriron unha caída progresiva desde 2010, que só se recuperou lixeiramente en 2013.



Evolución do número de concertos de música clásica por tipo de música en Galicia



Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*


Número de espectadores

No ano 2014, asistiron a concertos de música clásica en Galicia un total 236.087 espectadores, cifra que supón o 4,4 % do total de España, que se eleva a 4.399.605 espectadores. Neste ano, aínda que continuou o descenso de espectadores en relación con 2013, foi menor que en anos anteriores, concretamente do 1 %, pero é a cifra de espectadores máis baixa rexistrada desde 2001. En liñas xerais, conséntase que o descenso do número de espectadores está relacionado coa diminución do número de concertos programados, como acontece en 2014.

Un indicador importante é a media de espectadores por concerto. Así, a de Galicia en 2014 é de 207,8 espectadores, mentres que no conxunto de España é bastante superior: 305,5. En canto a estas cifras, cómpre salientar que, mentres en Galicia aumentou en 4,3 a cifra media de espectadores por concerto con respecto a 2013, no conxunto de España diminuíu en 7 espectadores. Por comunidades autónomas, Galicia foi das que rexistraron unha media máis baixa de espectadores por concerto: concretamente, é a cuarta comunidade autónoma co número máis baixo, despois de Castela-A Mancha, Baleares e Andalucía. A comunidade autónoma que rexistrou a media máis elevada en 2012 foi Canarias, con 670,4 espectadores por concerto.




Evolución do número de espectadores de concertos de música clásica



Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Recadación

No ano 2014, os concertos de música clásica xeraron unha recadación de 763.565 euros, o que supón un 2,1 % da recadación total en España, que se eleva a 36.027.536 euros. A recadación en Galicia aumenta nun 11,8 % a respecto de 2013 e sitúase a un nivel de recadación superior a 2010. Galicia, xunto con Asturias e A Rioxa, son as tres únicas comunidades autónomas nas que aumentou a recadación en 2014. En contraste, no conxunto do Estado a recadación diminuíu en 1.452.037 euros con respecto a 2013.



Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

A seguinte táboa recolle un resumo xeral dos indicadores de recadación dos concertos de música clásica en Galicia e que poden explicar, en certa medida, os últimos datos de recadación. Por unha banda, o prezo medio da entrada en 2014 aumentou un euro con respecto ao ano anterior e, por outra, o número de espectadores a concertos nos que hai que pagar entrada incrementouse en 206 persoas. A media de espectadores por concerto de pago en

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Galicia foi de 372,1, é dicir, 147 menos ca no conxunto de España. Ademais, a recadación por concerto ascendeu a 3.618 euros, cifra que, aínda que supón menos da metade ca no conxunto de España, supera en 472,8 euros de media a recadación por concerto acadada en 2013. Por último, o gasto por habitante en Galicia aumentou en 2014, mentres que no conxunto de España diminuíu. Deste xeito, ficou en 0,28 € polo que é a sexta comunidade autónoma co gasto por habitante máis baixo de España, só por diante de Castela-A Mancha, Estremadura, A Rioxa e Andalucía.


Indicadores de recadación dos concertos de música clásica en 2014

	Galicia	España
Concertos de pago	211	4.628
Espectadores a concertos de pago ¹	78.522	2.402.604
Recadación (€)	763.565	36.027.536
Espectadores/concerto de pago	372,1	519,1
Recadación/concerto (euros)	3.618,8	7.784,7
Prezo medio da entrada (euros)	9,7	15
Gasto por habitante	0,28	0,77

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da SGAE

O prezo medio da entrada en 2014 foi de 9,7 euros, mentres que no conxunto do Estado é de 15 euros. A comunidade autónoma co prezo medio máis alto foi a de Cataluña (18,3 €), que é case o dobre que en Galicia, e mesmo supera en máis de 3 euros o prezo medio da entrada no conxunto do Estado. Deste xeito, Galicia é a cuarta comunidade autónoma cos prezos máis baixos dos concertos de música clásica despois de Estremadura, A Rioxa e Asturias. En Galicia o prezo medio da entrada en 2014 aumentou 1 euro; pola contra, no conxunto de España diminuíu 0,1 euros con respecto a 2013. A comunidade autónoma na que máis aumentou o prezo medio da entrada foi Estremadura (1,1 €) e na que máis diminuíu foi en Castela A Mancha (-1 €). Na gráfica que se mostra a continuación pódense observar os prezos medios das entradas en todas as comunidades autónomas e no conxunto de España.

Prezo medio das entradas dos concertos de música clásica en 2014 por CC.AA



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da SGAE

¹ Cómpre ter en conta que, ao contabilizar o número de espectadores a concertos de pago, se inclúen os/as abonados/as ás temporadas das diferentes orquestras, tanto en Galicia coma no conxunto de España. Deste xeito, a cifra referente ao número de espectadores reflicte unha cantidade superior á cifra real de usuarios únicos que asisten aos concertos. Concretamente en Galicia, na última temporada 2015-2016 a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) contou con 1.700 abonados e a Real Filharmonía de Galicia (RFG), con 502.



A recadación global en concertos de música clásica distribúese do seguinte xeito segundo o tipo de concertos:

Recadación total dos concertos de música clásica por tipo de concertos en 2014

	Galicia		España	
	Total (€)	% da recadación	Total (€)	% da recadación
Música sinfónica	511.673	67,0	21.409.694	59,4
Música de cámara	216.317	28,3	12.932.807	35,9
Música coral	10.785	1,4	1.733.136	4,8
Música de bandas	24.789	3,2	511.722	1,4
Total	763.565	100,0	36.027.536	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do *Anuario* da SGAE

Como se pode observar, case as tres cuartas partes da recadación en Galicia procede de concertos de música sinfónica, e esta porcentaxe aumentou case 7 puntos porcentuais con respecto a 2013. No caso de España, a porcentaxe é 7,1 puntos porcentuais inferior, porque se recada máis en concertos de música de cámara (+7,6 %) e de música coral (+3,4 %). Outro dato interesante é que, aínda que porcentualmente en Galicia se recada máis en concertos de bandas ca no conxunto de España, en 2014 se recadaron 13.732 euros menos ca en 2013.

En 2014, a recadación aumentou en concertos de música sinfónica (un 23 %) e de música coral (un 52,2 %), pero diminuíu en concertos de música de cámara (un -2,2 %) e en música de bandas (un -35,6 %). Esta tendencia repítese nos tres anos anteriores. É importante salientar que, aínda que non varía moito o número de concertos de pago, si aumenta a recadación e o número de espectadores.

Analizamos a continuación os datos de actividade musical segundo o tipo de música.

a) Número de concertos

Número de concertos de música clásica por tipo de entrada en Galicia

		2010	2011	2012	2013	2014
Música sinfónica	Total	147	111	114	102	115
	Gratuítos (%)	13,6	45,0	51,7	50,0	46,1
Música de cámara e solistas	Total	582	575	584	563	551
	Gratuítos (%)	75,4	76,0	75,3	74,8	74,8
Música coral	Total	221	118	111	108	106
	Gratuítos (%)	95,9	98,3	97,3	96,3	96,2
Música de bandas e rondallas	Total	497	481	412	399	364
	Gratuítos (%)	97,4	96,0	96,4	95,0	98,3

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

No tocante aos concertos de **música sinfónica**, a táboa anterior mostra que o número de concertos en 2014 se foi recuperando, logo do retroceso sufrido en 2012, pero aínda así queda moi lonxe da cifra acadada en 2010, ano que marca a cifra máis elevada de concertos de música sinfónica en Galicia, concretamente, 147. Os concertos deste tipo en Galicia supuxeron un 5,4 % do total de toda España, polo que ocupa o sexto lugar entre as comunidades autónomas, despois de Cataluña, Madrid, País Vasco, Comunidade Valenciana e Andalucía. Por outra banda, a porcentaxe de concertos de música sinfónica gratuítos en todo o Estado en 2014 é dun 32 %, 14,1 puntos porcentuais por debaixo da cifra rexistrada en Galicia nese ano: é dicir, que Galicia se atopa entre as 6 comunidades autónomas cuxa porcentaxe de concertos de música sinfónica gratuítos é máis elevada. Porén, esta porcentaxe é moi variable entre as diferentes comunidades autónomas, xa que nalgunhas como Madrid o 92,9 % dos concertos de música sinfónica que se celebraron nese ano foron de pago, mentres que noutras como Castela-A Mancha o número de concertos gratuítos acada o 89,5 %. O número de concertos



gratuítos en Galicia aumentou de forma significativa nos dous últimos anos, se se compara co 2010, no que só un 13,6 % dos concertos foron gratuítos.

Ao analizar polo miúdo os concertos das orquestras profesionais que hai en Galicia, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) e a Real Filharmonía de Galicia (RFG), obsérvanse os seguintes datos relativos aos concertos dos catro últimos anos.

Concertos da RFG e da OSG por tipos

	RFG				OSG			
	2012	2013	2014	2015	2012	2013	2014	2015
Concertos de abono	25	23	24	26	27	32	25	27
Concertos en xira (Galicia)	8	17	21	20	5	9	13	13
Concertos en xira (fóra de Galicia)	5	2	8	3	-	2	-	7
Concertos didácticos	6	6	9	7	-	2	7	2
Concertos familiares	-	3	6	5	1	-	3	6
Concertos en festivais	3	7	6	5	12	10	4	1
Concertos extraordinarios	3	7	6	9	5	4	6	3
Total	50	65	80	75	50	59	58	59

Fonte: Elaboración propia a partir de *sinfonicadegalicia.com* e *rfgalicia.org*

Segundo estes datos, en 2015 as dúas orquestras mantéñense nas cifras de concertos do ano anterior, aínda que a RFG ofreceu 5 concertos menos e a OSG un concerto máis. Isto significa que en 2015 a RFG ofreceu de media un concerto cada 4,9 días e a OSG un concerto cada 6,2 días. Outro dato salientable refírese ao número de concertos en xira fóra de Galicia. A RFG reduciu a menos da metade os do ano anterior mentres a OSG acadou a cifra máis elevada destes últimos catro anos. O número de concertos en xira por Galicia mantívose para as dúas orquestras, debido fundamentalmente á temporada estable que manteñen as dúas orquestras en Vigo, ademais de ofrecer concertos noutras cidades de Galicia como Lugo, Ferrol, Pontevedra e Ourense.

A OSG depende do Consorcio para a Promoción da Música que xestiona tamén a Escola Municipal de Música. En conxunto, tiveron en 2015 un orzamento de 9,5 millóns de euros, dos que máis dun 70 % se destina a gastos de persoal, que se compón de 132 persoas, entre músicos, persoal de administración e docentes. A maior parte dos ingresos (85 %) son transferencias correntes (principalmente compostas de ingresos doutras administracións). Pola súa parte, a RFG tivo en 2015 un orzamento duns 4,5 millóns de euros, no que tamén se inclúen os gastos da Escola de Altos Estudos Musicais. Destínase aproximadamente o 65 % dos ingresos a gastos de persoal para as 57 persoas contratadas, entre músicos e persoal de administración. Os ingresos da RFG son tamén, fundamentalmente, de procedencia pública.

Por outra banda, os concertos de **música de cámara e solistas** supuxeron o 48,5 % do total dos de música clásica celebrados en Galicia en 2014, e un 7,5 % do total de concertos de cámara en toda España. Foi no ano 2012 no que se rexistrou o maior número de concertos deste tipo, e, a partir deste ano, produciuse un descenso progresivo que supón un 5,6 % menos ca en 2012. Galicia ocupa o sexto lugar de toda España onde se celebraron máis concertos de música de cámara, despois de Madrid, Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e Castela e León. Cómpre salientar que un 74,8 % dos concertos de cámara son gratuítos, é dicir, dez puntos porcentuais por riba do conxunto de España, onde o 64,5 % son de balde.

No que atinxe á **música coral**, os concertos deste tipo foron os que sufriron un maior descenso no período de 2010-2014, concretamente, dun 52 % . Os concertos celebrados na comunidade galega en 2014 supuxeron un 5,8 % do total do Estado. Galicia ocupa o noveno lugar en



número de concertos de música coral en 2014, mentres que o País Vasco é a comunidade autónoma na que máis concertos de corais houbo (293), e Estremadura, na que se rexistrou o menor número (4). O máis salientable é que case a totalidade deste tipo de concertos foron gratuítos en Galicia en toda a serie temporal.

Por último, os concertos de **música de bandas e rondallas** acadaron a súa cifra máis elevada en 2010, con 497 concertos, e, a partir dese ano, comezaron a diminuír ata chegar aos 364 en 2014: é dicir, reducíronse nun 26,8 % con respecto a 2010 e nun 8,8 % con relación a 2013. O número de concertos de bandas celebrados en Galicia no ano 2014 supuxo un 11,8 % do total dos que houbo no conxunto do Estado. O 98,3 % dos concertos de bandas foron gratuítos fronte ao 89,2 % no conxunto do Estado. É importante salientar que en 2014 Galicia ocupou o terceiro lugar de toda España en número de concertos de bandas de música celebrados, despois da Comunidade Valenciana e Andalucía.

b) Número de espectadores

Cómpre diferenciar o número de espectadores segundo o tipo de concertos para ver a evolución que experimentan neste período en Galicia.

Número de espectadores de concertos de música clásica por tipo de música en Galicia

	2010	2011	2012	2013	2014
Música sinfónica	84.091	60.922	62.062	55.757	59.410
Música de cámara e solistas	109.499	112.442	113.817	109.717	107.197
Música coral	31.035	15.877	8.574	8.258	8.674
Música de bandas e rondallas	77.755	75.756	67.032	64.747	60.806

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Os concertos de **música sinfónica** sufriron un descenso constante no número de espectadores desde 2010, aínda que en 2014 esta cifra se recuperou nun 6,6 % a respecto de 2013. Aínda así, a cifra de espectadores neste último ano fica moi lonxe da acadada en 2010, con case 25.000 espectadores máis. Esta cifra de espectadores supón un 4,1 % do conxunto do Estado, onde, a diferenza de Galicia, o número total de espectadores non deixou de diminuír desde 2010. Galicia ocupa o sétimo lugar do conxunto do Estado no número de espectadores de concertos de música sinfónica, despois da Comunidade de Madrid, País Vasco, Cataluña, Comunidade Valenciana, Canarias e Andalucía. No entanto, Galicia é a comunidade autónoma onde máis aumentou a cifra de espectadores con respecto a 2013. En 2014, só aumentou esta cifra noutras dúas comunidades autónomas, Estremadura e A Ríoxa; no resto diminuíu en todas.

Os concertos de **música de cámara e solistas** en Galicia foron os que rexistraron o maior número de espectadores en todos os anos desta serie histórica. É salientable o feito de que a cifra de espectadores en Galicia foi medrando progresivamente ata 2012 e a partir dese ano comezou a diminuír ata 2014 nun 5,8 %.

Os concertos de **música coral** rexistran un descenso dun 72 % na asistencia de espectadores no período 2010-2014, debido, principalmente, a que o número de concertos en 2014 se reduciu a menos da metade a respecto dos celebrados en 2010. Porén, o número de espectadores en 2014 aumentou lixeiramente con respecto a 2013, malia que diminuíu o número de concertos. No conxunto de España esta tendencia na caída de espectadores tamén é evidente, dado que houbo un descenso de case 100.000 espectadores nos últimos cinco anos.

Por último, a asistencia a concertos de **música de bandas e rondallas** diminuíu nun 21,8 % nos últimos cinco anos en Galicia. Esta caída explícase, ao igual ca dos concertos de música coral, pola redución na programación deste tipo de concertos: concretamente, en 2014 houbo



133 concertos de bandas menos ca en 2010. No conxunto de España o número de espectadores tamén descendeu nun 16,8 % neste mesmo período.

c) Recadación

Os indicadores de recadación no ano 2014 para os concertos de música sinfónica e de cámara, coral e de bandas detállanse na seguinte táboa.

Indicadores de recadación por tipo de concerto. Ano 2014

	Galicia	España
MÚSICA SINFÓNICA		
Concertos de pago	62	1.449
Espectadores a concertos de pago	43.904	1.254.518
Recadación (euros)	511.673	21.409.694
Espectadores/concerto de pago	708,1	865,8
Recadación/concerto (euros)	8.252,8	14.775,5
Prezo medio da entrada (euros)	11,7	17,1
MÚSICA DE CÁMARA E SOLISTAS		
Concertos de pago	139	2.609
Espectadores a concertos de pago	30.693	884.869
Recadación (euros)	216.317	12.932.807
Espectadores/concerto de pago	220,8	339,2
Recadación/concerto (euros)	1.556,3	4.957
Prezo medio da entrada (euros)	7,0	14,6
MÚSICA CORAL		
Concertos de pago	4	235
Espectadores a concertos de pago	1.893	105.618
Recadación (euros)	10.785	1.733.136
Espectadores/concerto de pago	473,3	449,4
Recadación/concerto (euros)	2.696,3	7.375
Prezo medio da entrada (euros)	5,7	16,4
MÚSICA DE BANDAS E RONDALLAS		
Concertos de pago	6	335
Espectadores a concertos de pago	2.032	157.599
Recadación (euros)	24.789	511.722
Espectadores/concerto de pago	338,7	470,4
Recadación/concerto (euros)	4.131,5	1.527,5
Prezo medio da entrada (euros)	12,2	3,2

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da SGAE

No que concirne á evolución da recadación dos concertos de **música sinfónica** nos últimos cinco anos en Galicia e no conxunto de España, pódense constatar dúas tendencias: en Galicia prodúcese un descenso significativo da recadación en concertos de música sinfónica a partir de 2010 que se volve a recuperar en 2014, mentres que, no conxunto de España, hai un descenso continuo en todo o período, de tal xeito que a recadación cae a máis de 4,3 millóns de euros en cinco anos. Pola contra, en Galicia a recadación aumentou un 23 % con respecto a 2013.

No tocante aos concertos de pago, cómpre salientar que en España os concertos de música nos que hai que pagar entrada supuxeron en 2014 un 68 % do total, mentres que Galicia é a sexta comunidade autónoma coa porcentaxe máis baixa de concertos de pago de toda España. As porcentaxes máis altas correspóndenlles ás Illas Canarias, ás Illas Baleares e a Cataluña.

Se se ten en conta o prezo medio das entradas, obsérvase en Galicia é o segundo máis baixo de toda España, despois do País Vasco. Deste xeito, o prezo medio da entrada en Galicia é 5,4 euros máis barato ca no conxunto de España e tres veces máis barato ca en Castela e León, onde se paga de media 35,3 euros por entrada. É preciso subliñar que, mentres en Galicia o



prezo medio da entrada aumentou 1,8 euros entre 2013 e 2014, no conxunto de España diminuíu 0,3 euros, e esta pode ser unha explicación ao aumento da recadación.

En canto á **música de cámara**, a recadación en Galicia aumentou un 6,9 % entre 2010 e 2014 mentres que no conxunto de España diminuíu un 8 %. No conxunto do Estado a recadación deste tipo de concertos diminuíu todos os anos, polo que se contabiliza un descenso acumulado dun 8 %. Por outra banda, debemos salienta que en Galicia o prezo medio das entradas deste tipo de concertos (7 €) é menos da metade ca o do conxunto do Estado (14,6 €) e o terceiro máis baixo de todas as comunidades autónomas, despois da Rioxa e Castela-A Mancha.

En relación coa **música coral**, a recadación deste tipo de concertos en Galicia experimentou unha evolución irregular no período 2010-2014, xa que, despois de reducirse un 67,3 % entre 2010 e 2011, nos seguintes anos foi aumentando progresivamente ata 2014. Así, no último ano recadáronse 3.700 euros máis ca en 2013, cifra que supón o aumento máis significativo dos últimos cinco anos. O número de concertos nos que se paga entrada reduciuse de 9, en 2010, a 4, en 2014, pero os espectadores foron aumentando todos os anos, agás en 2011. O feito máis significativo que pode explicar o aumento da recadación é que o prezo medio da entrada se incrementou todos os anos e, aínda que segue a ser un dos prezos máis baixos de España, o incremento acumulado do prezo entre 2010 e 2014 é dun 78,1 %.

Por último, a recadación dos concertos de **música de bandas** reduciuse nun 35,6 % en 2014 con respecto ao ano anterior, malia que nos tres anos anteriores aumentara a recadación. Isto explícase porque o número de concertos nos que hai que pagar entrada se reduciu significativamente de 20, en 2013, a 6, en 2014, aínda que a porcentaxe de espectadores que asistiu a estes concertos foi moito máis baixa e o prezo da entrada aumentou 2,5 euros.

II. As cifras da música popular en vivo

Esta segunda parte do documento de traballo aborda información relativa á música popular. Por unha banda, e de xeito introdutorio, agrúpase nunha primeira táboa-resumo a evolución dos datos dos principais indicadores na comunidade galega entre os anos 2010 e 2014. Desde o número de concertos ou espectadores, ata datos de recadación ou gasto medio por espectador, unha información que se irá analizando polo miúdo ao longo do apartado.

Evolución dos principais indicadores da música popular en Galicia. 2010-2014

	2010	2011	2012	2013	2014
Concertos	5.671	5.422	5.206	4.506	3.938
Espectadores (miles)	2.203	1.232	1.183	1.014	941
Recadación (miles de euros)	7.673	6.802	6.630	5.491	5.778
Espectadores por concerto	388	227	227	225	239
Gasto medio por espectador (euros)	3,5	5,5	5,6	5,4	6,1

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Por outra banda, nunha segunda táboa compílase información desagregada de cada un dos estilos musicais que conforman a música popular, tal e como os clasifica a fonte de referencia, o *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*. A recollida de información céntrase no último ano de estudo e sobre tres indicadores básicos: concertos, espectadores e recadación.

Como se observa na seguinte táboa, o estilo musical ten unha forte influencia nos resultados globais dos indicadores da música popular.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA


Principais indicadores da música popular en Galicia, segundo o estilo musical. Ano 2014

	Concertos	Recadación	Espectadores
Total	3.938	5.778.031	940.645
<i>Porcentaxe sobre o total</i>			
Canción melódica	0,8	0,3	3,1
Cantautores	3,5	1,2	2,7
Pop rock en xeral	79,7	92,8	77,3
<i>New age</i>	0,0	0,0	0,0
Música <i>dance-house</i>	0,2	0,2	0,4
Hip-hop, rap	1,5	1,6	0,3
Canción española	0,0	0,0	0,0
Flamenco, tablaos flamencos	1,6	0,1	2,2
Música folk	3,6	0,5	4,5
Música étnica	0,3	0,1	0,2
Música latina	0,1	1,0	1,3
Jazz, blues, soul	4,4	1,1	2,9
Electrónica	0,4	0,2	0,9
Infantil	1,9	0,5	1,8
Outros	2,0	0,6	2,4

Fonte: SGAE. Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015

A seguinte gráfica mostra a evolución do número de concertos de música popular entre os anos 2010 e 2014, a través dunha comparativa entre Galicia e o total España. A pegada da celebración do Ano Santo Compostelán é obvia no caso galego, e marca o punto de partida dun descenso continuado no quinquenio analizado: mentres en 2010 se celebraron 5.671 concertos, en 2014 baixaron un 30,6 %. Con todo, esa tendencia é moi similar á do conxunto estatal, cunha diminución dos concertos neses cinco anos dun 25,5 %.

Evolución do número de concertos de música popular




Fonte: SGAE. Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015



As comunidades de Madrid e Andalucía son líderes en números de concertos, cun 24,8 % e 23,7 %, respectivamente; entre ambas as dúas case abranguen a metade dos celebrados en toda España. En terceiro lugar, Cataluña, cun 14,2 %. Xa por debaixo do 10 %, todas as demais comunidades. Galicia ocupa o sétimo posto cun 4,2 %.

Porcentaxe de concertos de música popular celebrados nas comunidades autónomas respecto o total de España. Ano 2014



Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Un 79,7 % dos concertos celebrados en Galicia corresponde a estilos musicais de pop e rock en xeral, seguidos polos de jazz, blues e soul, cun 4,4 %, e os de folk, cun 3,6 %. Precisamente nos recitais de jazz, blues ou soul, Galicia é a segunda comunidade a nivel nacional detrás da Rioxa (4,9 %). No conxunto de España tamén o pop e o rock son os estilos máis interpretados, cun 74,2 %, pero a segunda posición ocúpaa o flamenco, cun 7,7 % de actuacións, debido fundamentalmente á alta porcentaxe de actuacións deste xénero musical nas comunidades de Andalucía, Madrid, Estremadura e Castela-A Mancha. A orde das preferencias dos espectadores polos diferentes estilos musicais pódese observar na seguinte táboa.

Porcentaxe de concertos de música popular segundo o estilo musical. Ano 2014

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA


	España	Galicia
Total número de concertos	94.589	3.938
Canción melódica	1,3	0,8
Cantautores	1,4	3,5
Pop rock en xeral	74,2	79,7
<i>New age</i>	0,8	0,0
Música <i>dance-house</i>	2,1	0,2
Hip-hop, rap	0,4	1,5
Canción española	2,5	0,0
Flamenco, tablaos flamencos	7,7	1,6
Música folk	1,7	3,6
Música étnica	0,2	0,3
Música latina	0,5	0,1
Jazz, blues, soul	1,9	4,4
Electrónica	1,9	0,4
Infantil	1,0	1,9
Outros	2,4	2,0

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Espectadores

O ano 2014 caracterízase por unha baixada xeneralizada do número de espectadores de concertos de música popular tanto en Galicia como no conxunto de España. Todas as comunidades autónomas sen excepción perderon público; 941.000 galegos asistiron a estes concertos, o que supón un descenso dun 7,2 % con respecto a 2013, e dun 57,3 % con respecto a 2010, ano en que se rexistrou o maior número de espectadores (2,2 millóns) do período analizado. O público galego constituíu o 4,6 % do total estatal, que acadaba os 20.362.000 espectadores en 2014.


Evolución do número de espectadores dos concertos de música popular (miles de espectadores)

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*



Un 56,6 % do total do público asistente en 2014 a concertos de música popular pertence ás comunidades autónomas de Andalucía (20,6 %), Cataluña (18,3 %) e Madrid (17,7 %). Os galegos ocupan a oitava posición en número de espectadores, a unha distancia de 16 puntos porcentuais dos andaluces, que encabezan a lista e que son os únicos que superan o 20 % de espectadores sobre o total estatal.

Porcentaxe de espectadores de concertos de música popular, respecto ao total, por comunidades autónomas. Ano 2014



Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Os concertos de pop rock son os preferidos do público galego con máis de 727.000 espectadores, o 77,3 % do total, unha cifra que supera a media xeral de España en 4 puntos porcentuais. A moita distancia, séguenos os concertos de música folk, que atraen o 4,5 % do público, 2 puntos por riba da media estatal. Destacan de xeito sobranceiro neste estilo musical dúas comunidades autónomas: Asturias, que absorbe un 29,6 % de espectadores nos concertos de música folk, e A Rioxa, cun 12,7 %. Na seguinte táboa amósase a comparativa coa media estatal segundo cada estilo musical.

Porcentaxe de espectadores de música popular, segundo o estilo musical. Ano 2014

	España	Galicia
Total espectadores	20.362.284	940.645
Canción melódica	1,8	3,1
Cantautores	1,1	2,7
Pop rock en xeral	73,1	77,3
<i>New age</i>	0,1	0,0
Música <i>dance-house</i>	0,3	0,4
Hip-hop, rap	0,2	0,3
Canción española	3,6	0,0
Flamenco, tablaos flamencos	7,2	2,2
Música folk	2,5	4,5
Música étnica	0,4	0,2




Música latina	1,3	1,3
Jazz, blues, soul	2,2	2,9
Electrónica	1,9	0,9
Infantil	1,4	1,8
Outros	2,9	2,4

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Recadación


A recadación dos concertos de música popular experimenta en 2014 unha suba que semella romper a tendencia baixista iniciada a partir de 2010, tanto na comunidade galega como no conxunto de España. No ano 2014 recadáronse en Galicia 5.778.000 euros en concertos de música popular, 287.000 máis que o ano anterior, o que supón o 4,9 % da recadación total en España, que chegou aos 118.556.000 euros.

Evolución da recadación dos concertos de música popular (miles de euros)



Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Con todo, a pesar deste cómputo positivo en 2014, nunha análise máis pormenorizada obsérvase como, das 17 comunidades autónomas, son nove as que experimentan este ascenso xunto coas dúas cidades autónomas, fronte a outras oito nas que descende a recadación. En xeral, o aumento da caixa en 3.778.000 euros focalízase fundamentalmente nas comunidades de Cataluña e Madrid. Galicia é a quinta comunidade cunha maior medra da recadación.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**Diferenza da recadación dos concertos de música popular (miles de euros) segundo comunidade autónoma. Ano 2014**Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

A seguinte táboa amosa a recadación por comunidade autónoma. Como se ve, o 60,5 % do total da recadación estatal concéntrase nas comunidades de Madrid (25,6 %), Cataluña (21,4 %) e Andalucía (13,5 %).

Recadación dos concertos de música popular, segundo comunidades autónomas

Comunidade autónoma	Recadación (miles de euros)
Total España	118.556
Madrid	30.314
Cataluña	25.402
Andalucía	15.973
País Vasco	6.758
Comunidade Valenciana	6.502
Aragón	6.477
Galicia	5.778
Castela e León	5.133
Baleares	3.318
Canarias	3.226
Murcia	2.974
Asturias	1.862

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Castela-A Mancha	1.507
Navarra	1.245
Estremadura	818
Cantabria	680
A Rioxa	507
Ceuta e Melilla	82

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Por xéneros musicais, o pop rock acapara o 92,8 % da recadación dos concertos de música popular en Galicia, que ascendeu en 2014 a máis de 4,7 millóns de euros. O mesmo sucedeu no total España, aínda que a unha distancia de máis de 8 puntos porcentuais, un 84 % concretamente. A continuación, expónse a recadación tanto na comunidade galega como no conxunto estatal, segundo o estilo musical dos eventos musicais.

Porcentaxe da recadación dos concertos de música popular segundo estilo musical. Ano 2014


	España	Galicia
Total	98.998.752	4.778.031
Canción melódica	1,4	0,3
Cantautores	1,3	1,2
Pop rock en xeral	84,0	92,8
<i>New age</i>	0,1	0,0
Música <i>dance-house</i>	0,1	0,2
Hip-hop, rap	0,5	1,6
Canción española	2,3	0,0
Flamenco, tablaos flamencos	3,1	0,1
Música folk	0,8	0,5
Música étnica	0,2	0,1
Música latina	0,7	1,0
Jazz, blues, soul	1,6	1,1
Electrónica	1,1	0,2
Infantil	1,2	0,5
Outros	1,7	0,6

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

O gasto medio por espectador en Galicia é de 6,1 euros, 30 céntimos por riba da media nacional, o que a coloca como a sexta comunidade de España. Os canarios, cun gasto de 9,6 euros, son os que máis desembolsan neste tipo de eventos musicais, seguidos dos madrileños e dos baleares, ambos os dous por riba dos 8 euros. As cidades autónomas, Asturias e Cantabria son as únicas que baixan dos 3 euros, tal e como mostra a seguinte gráfica.



Gasto medio por espectador (euros) en conciertos de música popular, segundo comunidade autónoma. Ano 2014



Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Na táboa de evolución do gasto por espectador nos últimos cinco anos, obsérvase como tan só catro comunidades reduciron o seu gasto entre 2014 e 2013. Destaca o País Vasco cunha baixada de 2 euros, seguido de Estremadura e Navarra con 0,7 euros menos e Murcia con 0,2. Galicia aumentou o seu gasto en 0,7 euros no último ano, pero o incremento deste gasto no total do quinquenio estudado foi dun 74,3 % (de 3,5 euros en 2010 a 6,1 euros en 2014).

Evolución do gasto medio por espectador dos conciertos de música popular, segundo comunidade autónoma (euro)

	2010	2011	2012	2013	2014
Total España	5,3	5,6	5,6	5,4	5,8
Andalucía	3,9	3,8	3,8	3,7	3,8
Aragón	5,9	5,8	5,6	5,3	5,8
Asturias	2,4	2,1	2,1	2,0	2,5
Baleares	6,4	6,4	6,4	6,1	8,1
Canarias	9,0	9,1	9,0	8,8	9,6
Cantabria	3,1	2,5	2,3	2,1	2,2



Castela e León	4,2	4,5	4,5	4,4	4,8
Castela-A Mancha	3,8	3,3	3,4	3,7	4,2
Cataluña	5,7	6,1	6,1	5,9	6,8
Comunidade Valenciana	5,5	5,2	5,3	5,1	5,7
Estremadura	6,4	7,2	7,0	5,5	4,8
Galicia	3,5	5,5	5,6	5,4	6,1
Madrid	7,0	7,7	7,7	7,4	8,4
Murcia	7,4	7,3	7,3	7,1	6,9
Navarra	5,4	5,8	5,7	5,5	4,8
País Vasco	7,2	7,2	7,2	6,8	4,8
A Rioxa	4,5	3,8	3,8	3,6	3,7
Ceuta e Melilla	2,6	2,5	2,4	2,3	2,8

Fonte: SGAE. *Anuario de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Conclusións

No ano 2014 asistiron a concertos de música clásica en Galicia un total 236.087 espectadores, cifra que supón o 4,4 % do total de España. Neste ano, aínda que continuou o descenso de espectadores con respecto a 2013, foi menor que en anos anteriores, concretamente do 1 %.

A recadación da música clásica en Galicia aumenta nun 11,8 % e sitúase a un nivel superior a 2010. Galicia é a cuarta comunidade autónoma cos prezos máis baixos dos concertos de música clásica. Tamén está entre as seis comunidades autónomas cuxa porcentaxe de concertos de música sinfónica gratuítos é máis elevada.

Dentro dos distintos xéneros, os concertos de música sinfónica experimentaron unha recuperación no número de espectadores dun 6,6 %. Galicia é a comunidade autónoma onde máis aumentou a cifra de espectadores. A recadación deste xénero aumentou un 23 %.

No tocante á música coral, o número de espectadores en 2014 aumentou lixeiramente con relación a 2013, malia que diminuíu o número de concertos. Pola súa banda, a asistencia da música de cámara e solistas, e música de bandas e rondallas descendeu.

En canto á música popular, o ano 2014 caracterízase por unha baixada do número de espectadores, tanto en Galicia como no conxunto de España. Todas as comunidades autónomas, sen excepción, perderon público: 941.000 galegos asistiron a estes concertos en 2014, o que supón un descenso dun 7,2 % a respecto de 2013.

Os concertos de pop rock son os preferidos do público galego con máis de 727.000 asistentes. A recadación dos concertos de música popular experimenta en 2014 unha suba que semella romper a tendencia iniciada a partir de 2010, tanto na comunidade galega como no conxunto español. Galicia é a quinta comunidade cunha maior medra da recadación.

O gasto medio por espectador en Galicia é de 6,1 euros, 30 céntimos por riba da media nacional, o que a coloca como a sexta comunidade de España. Galicia aumentou o seu gasto en este tipo de concertos en 0,7 euros no último ano, pero o incremento deste gasto no total do quinquenio estudado foi dun 74,3 % (de 3,5 euros en 2010 a 6,1 euros en 2014).